



No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial do concello de Samos, sendo as trece horas do d3a **TRES DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZASETE**, baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. Julio Gallego Moure, comparecen os Sres. concelleiros, Dona Marisol Orille D3az, D. Juan Luis L3pez D3az, D. Jos3 Manuel Campo L3pez, Dona Maria del Carmen Abad Rodr3guez, D. Jos3 Antonio Real V3zquez, D. Jos3 Aurelio L3pez L3pez e D. Manuel L3pez Armesto (ausente D. Jos3 Antonio Garc3a Jurjo), asistidos pola secretaria municipal D^a. Ana Isabel Candame Areosa, que da f3 do acto, co obxecto de celebrar sesi3n "ordinaria" do **PLENO** deste Concello en primeira convocatoria, previa 3 mesma.

Aberto o acto pola Presidencia e tras desculpar 3sta a ausencia do Sr. concelleiro D. Jos3 Antonio Garc3a Jurjo por motivos persoais, procedese a tratar os asuntos que figuran na orde do d3a da convocatoria, que son do teor seguinte:

1^o- A APROBACI3N. SE PROCEDE DO BORRADOR DA ACTA CORRESPONDENTE 3 SESI3N ANTERIOR LEVADA A CABO O D3A 02/12/2016.

Ao abeiro do sinalado polo art. 91.1 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organizaci3n, Funcionamento e R3xime Xur3dico das Entidades Locais, por parte do Sr. alcalde preg3ntase aos Sres. concelleiros asistentes se te3en que facer algunha observaci3n ao borrador da acta da sesi3n anterior de data 02/12/2016, que lles foi entregado xunto coa orde do d3a. T3dolos asistentes sinalan que non te3en obxeci3n algunha, quedando aprobado nos termos nos que est3 redatado por unanimidade dos asistentes (oito votos a favor), sendo nove o n3mero legal de membros.

2^o- DAR CONTA DECRETOS DA ALCALD3A.

Aos efectos de cumprir co sinalado no artigo 42 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organizaci3n, Funcionamento e R3xime Xur3dico das Entidades Locais, d3ase conta dos Decretos de Alcald3a ditados dende o 29 de novembro de 2016 ata o 30 de xaneiro de 2017.

Os Sres. concelleiros d3anse por enterados.

3^o- DAR CONTA DO PMP CORRESPONDENTE AO 4^o TRIMESTRE DE 2016.

O Sr. alcalde cede a palabra 3 Secretaria-Intervenci3n que d3a conta aos Sres. concelleiros do periodo medio de pago correspondente ao 4^o trimestre do exercicio 2016, o cal foi rendido por Secretaria-Intervenci3n con data 24/01/2017 a trav3s da aplicaci3n habilitada ao efecto na p3xina da oficina virtual para a coordinaci3n financeira coas entidades locais. O detalle do informe 3:

Ratio operaci3ns pagadas: -13,25
Importe pagos realizados: 112.327,81 €
Ratio operaci3ns pendentes: -23,72
Importe pagos pendentes: 7.530,68 €
PMP: -13,91

PMP Global:
Importe pagos realizados: 112.327,81 €
Importe pagos pendentes: 7.530,68 €
PMP: -13,91

JULIO GALLEGO MOURE (1 para 2)
ALCALDE PRESIDENTE
Data de Sinaure: 09/09/2017
PAS: 97182000971080020611411367108220389

ANA ISABEL CANDAME AREOSA (2 para 2)
SECRETAR3A/INTERVENTOR3A/INTERSORERA
Data de Sinaure: 09/09/2017
PAS: 97182000971080020611411367108220389

ACTA DO PLENO
N3mero: 2017-0001 Data: 09/06/2017



Cod. Validaci3n: 4HL4EQL56HD2NL4P3174K1L3H3J Correci3n: <http://sede.concellosamoz.gal>
Documento estande electronicamente creado e publicado en <http://sede.concellosamoz.gal> [P3xina 1 de 12]



A secretaria-interventora informa aos asistentes que o signo negativo tanto nas operacións pagadas como nas pendentes de pago indica que o concello paga antes do transcurso dos trinta días naturais dende a presentación das facturas ou certificacións de obra ou que ao final do período para a remisión da información aínda non transcurriu, nas operacións pendentes de pago, esos trinta días.

O resguardo de envío así como a documentación rendida púxose a disposición dos Sres. concelleiros.

Os Señores concelleiros dánse por enterados.

4º.- DAR CONTA DOS INFORMES DE MOROSIDADE PERIODO ANUAL.

O Sr. alcalde cede á palabra á Secretaría-Intervención para que dé conta aos Sres. concelleiros do Informe de morosidade anual (4º trimestre do exercicio 2016), ao que se refire o art. 16.6 da Orde Ministerial HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financieira, na redación dada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro. O mesmo foi rendido por Secretaría-Intervención con data 24/01/2017 a través da aplicación habilitada ao efecto na páxina da oficina virtual para a coordinación financeira coas entidades locais.

O resguardo de envío así como a documentación rendida púxose a disposición dos Sres. concelleiros.

Os Señores concelleiros dánse por enterados sen que se promova debate.

5º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MIXTO –CxG–, PROPOÑENDO QUE SE REPARE A MAQUINARIA DO RELOXO DA TORRE DA PRAZA DE SAMOS PARA QUE VOLVA DAR AS HORAS E SE LLE DE O MANTEMENTO APROPIADO PARA QUE SIGA EN FUNCIONAMENTO.

O Sr. concelleiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X.E. nº 2017/115 en data 30 de xaneiro para ser tratada polo Pleno Corporativo, a cal a continuación se transcribe:

“ José Antonio Real Vázquez, Concelleiro de CxG-CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste Concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Samos ten o privilexio de contar coa única torre de reloxo civil que funciona na Provincia, que alberga o artilluxio de relojería deseñado por un monxe do Mosteiro e fabricado por un Ferreiro no ano 1801.

Este reloxo pasou a propiedade do Concello no ano 1835, na Desamortización de Mendizabal e estivo depositado nunha fragua ata mediados do século XIX no que se construíu unha torre que foi substituída mais tarde pola que hoxe temos, por mor de deixar paso á estrada.





O reloxo marca os cuartos , as medias horas e ata fai un tempo , marcaba as horas , cousa que os vecinos votan de menos por levar toda a vida oindo como o "Reloj do Pueblo" , que así se lle denomina entre os habitantes da vila de Samos, lles marcaba os horarios.

Para non caer na vergoña de non ter reparado un artilluxio que leva funcionando tanto tempo e aportando o seu servizo ós vecinos e forateiros e que non caia no esquecemento para sempre.

Propoño ó Pleno o seguinte:

ACORDO:

1.-Que se repare a maquinaria do reloxo da Praza de Samos para que volva a dar as horas como sempre fixo e ademais que se lle dé o mantemento apropiado para que siga funcionando."

Rematada a lectura da moción se abre o seguinte debate:

- SR. ALCALDE.- Tendo en conta que o reloxo ten xa máis de dous séculos, como saberá ten un gran desgaste, pero funciona e iso vostede non pode negalo, ten pequenas avarías que se lle van corrixindo e así ímolo mantendo, porque senón teríamos que pedir permiso a Patrimonio, quitalo e baixalo, e pensar se habería as pezas para arranxalo xa que é unha peza de museo. Por tanto, mentres vaia funcionando seguirá así. Ademais recórdolle que Mendizábal entrou no poder no ano 35 e a Desamortización comezou no ano 36.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Gústame as observacións que fai dos anos, pero o reloxo segue sen funcionar, non creo que leve tanto arranxalo. Se quere botarlle a culpa á Patrimonio, como sempre, pois lla botamos.

- SR. ALCALDE.- Non é que se bote a culpa á Patrimonio, é que hai que pedir a autorización.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Non creo que custe tanto arranxalo para que dé as horas.

Rematado o debate, procédese á votación, arroxando o seguinte resultado:

Votos a favor: 3 (1 do Grupo mixto e 2 do Grupo municipal do Partido Popular)

Votos en contra: 5 (Grupo municipal socialista)

Abstencións: Ningunha

Sendo nove (9) o número legal de membros, polo que non se aproba a Moción anteriormente transcrita.

6º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MIXTO -CxG-. PROPOÑENDO QUE SE ACORDE AVALIAR OS ESPAZOS PÚBLICOS NOS QUE SERÁ NECESARIA A INSTALACIÓN DE DESFIBRILADORES, SOLICITANDO UN Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN PARA O COLEXO, DISPOÑER DUN DESFIBRILADOR PORTÁTIL PARA ACTIVIDADES AO AIRE LIBRE QUE CONTARÁN TAMÉN CUN BOTIQUIN COS ELEMENTOS NECESARIOS PARA ACTUACIÓN DE PRIMEIROS AUXILIOS.





QUE SE OBRIGUE AOS ENCARGADOS DAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS A FORMARSE PARA A SÚA UTILIZACIÓN, PODENDO AMPLIARSE ESTA FORMACIÓN Á VECIÑANZA QUE ASÍ O DESEXE.

O Sr. concelleiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X.E. nº 2017/116 en data 30 de xaneiro para ser tratada polo Pleno Corporativo, a cal a continuación se transcribe:

“José Antonio Real Vázquez, concelleiro de CxG – CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 43 da Constitución española recoñece o dereito á protección da saúde e declara que compete aos poderes públicos organizar a saúde pública a través das medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios.

No noso país, segundo datos do 061, este servizo está atendendo ao ano arredor de 800 mortes súbitas fóra dos hospitais. Ante unha parada cardíaca é vital unha actuación rápida debido a que as posibilidades de supervivencia diminúen co paso do tempo. Coñécese que se se actúa nos 5 primeiros minutos trala parada, estas posibilidades aumentan nun 90%. Cada minuto de retraso na desfibrilación, reduce a probabilidade de sobrevivir entre un 7 e un 15%.

O 80% das persoas falecidas por parada cardíaca poderían terse evitado se se empregara un desfibrilador combinado coas técnicas de reanimación cardiopulmonar (RCP) desde que se produce a parada ata que chegan os servizos de emerxencias.

O desfibrilador (DESA) é un pequeno equipo médico capaz de analizar o ritmo cardíaco de forma automática ou semiautomática e desfibrilar o corazón. Ten unha batería que garante o seu funcionamento autónomo e emprega parches autoadhesivos para monitorizar o ritmo cardíaco e aplicar os pulsos eléctricos. Os automáticos só precisan estar prendidos e cos parches postos para funcionar. Namentes, os semiautomáticos requiren que o operador presione un botón para comezar o análise do ritmo cardíaco e outro para administrar os choques.

En Galicia o marco que establece os requisitos de formación e o uso de desfibriladores externos por persoal non médico é o Decreto 99/2005, do 21 de abril. Este marca as condicións de uso extrahospitalario dos desfibriladores externos e a formación necesaria para a utilización e manexo dos mesmos por persoal non médico no ámbito extrahospitalario, e a súa acreditación.

Por todo o explicado, é de vital importancia que naqueles espazos onde existe unha gran aglomeración de xente ou se desenvolva unha actividade deportiva se conte cun desfibrilador cuxo uso aumente as posibilidades de supervivencia se se produce a situación de PCR. Pero segundo o decreto 99/2005 o seu uso só poderá realizarse por persoal que acredite a formación, coñecementos e habilidades necesarios, a través dos correspondentes programas de formación e actualización de coñecementos.





No mesmo sentido, a execución da RCP en combinación coas descargas do desfibrilador esixe que as persoas encargadas dos espazos públicos tales como pavillóns, os campos de fútbol, a piscina ou as demais dependencias municipais dispoñan da formación precisa para proceder coas manobras de RCP e do uso dos desfibriladores.

Por estes motivos propoño a Pleno os seguintes:

ACORDOS

- * Avaliar os espazos públicos e deportivos nos que sería necesario a instalación de desfibriladores, presentándose unha proposta técnica e económica que priorice o incremento da seguridade sanitaria no municipio. Consideramos a instalación no pavillón municipal, no centro de maiores, na Casa do Concello e na piscina municipal (portátil).
- * Dispoñer dun desfibrilador portátil en actividades realizadas ao aire libre onde non se conte con servizos de emerxencia que sexan promovidas ou organizadas polo Concello.
- * Instar á Consellería de Educación a que dote ao colexio dun desfibrilador.
- * Os espazos nomeados anteriormente tamén contarán cun botiquín que conteña os elementos necesarios para poder desenvolver actuacións de primeiros auxilios.
- * Obrigar aos encargados das dependencias municipais onde se instalen os desfibriladores a formarse debidamente na utilización dos memos.
- * A formación en primeiros auxilios poderá ampliarse á veciñanza do nos concello que así o desexe mediante a comunicación pública desta formación. "

Rematada a lectura da Moción se producen as intervencións seguintes:

- SR. ALCALDE.- A Deputación xa nos tén concedido un desfibrilador para o Concello, que nos chegará en breve, e no Centro médico xa o hai, e respecto ao Colexio terá que ser a Dirección do Centro, como responsable que é del, quen llo solicite á Consellería de Educación. Nós non temos problema en colaborar. Pero tamén lle recordo que os desfibriladores xeralmente están localizados e se calquera o necesita pode ir buscalo e utilízalo, non se trata de ter un en cada sitio porque lémbrolle que non valen dez euros. Recórdolle que na piscina hai botiquín, e no concello tamén, no Colexio tamén, e no Centro médico tamén. Por outra banda saberá vostede que non se pode obrigar a ningún, como dí a moción, a formarse, terá que ser voluntario.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Non o pido no Centro médico, que xa sei que o hai, o pido no Centro de maiores.

- SR. ALCALDE.- Se está no concello, pode trasladarse a donde faga falta.

- SR. LÓPEZ, GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.- Nós pensamos que se debería de facer algún curso para que os empregados públicos asistiran e souperan utilízalo e se o desexan o puideran empregar, de pouco vale ter o desfibrilador se non se forma aos empregados públicos.





Concello
de Samos

Pz. de España, s/n 27620 Samos (Lugo) Telf./Fax 982 546002 / 982 546122

- SR. ALCALDE.- Sempre hai algún voluntario que o querrá facer, e como dixen antes, xa o concedeu a Deputación e estará a chegar, polo que imos a rexeitar a moción.

Non habendo máis intervencións, comeza a votación, co resultado seguinte:

Votos a favor: 1 (Grupo mixto)
Votos en contra: 5 (Grupo municipal socialista)
Abstencións: 2 (Grupo municipal do Partido Popular)

Sendo nove (9) o número legal de membros, polo que non se aproba a Moción anteriormente transcrita.

7º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MIXTO –CxG–, PROPOÑENDO A REALIZACIÓN DUNHA CAMPAÑA INFORMATIVA SOBRE OS EFECTOS DO GAS RADÓN, QUE SE FAGA MEDICIÓN DOS ÍNDICES DE GAS RADÓN NOS EDIFICIOS PÚBLICOS E PROMOVER TAMÉN A MEDICIÓN NAQUELES FOGARES QUE O DESEXEN. CON MEDIDAS POR PARTE DO CONCELLO QUE REDUZAN O SEU CUSTE. COMO PODEN SER ACORDOS COA USC.

O Sr. concelleiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X.E. nº 2017/117 en data 30 de xaneiro para ser tratada polo Pleno Corporativo, a continuación se transcribe (óbviase o Mapa de Radón de Galicia (Concellos) que xunta á mesma):

“José Antonio Real Vázquez, concelleiro de CxG – CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O gas radón está presente no subsolo de forma natural, pero na comarca de Sarria e especialmente no concello de Samos téñen un dos índices máis altos de Galicia, segundo as medicións e o mapa elaborado pola USC.

Segundo estudos feitos nos últimos anos pola Organización Mundial da Saúde, OMS, o gas radón é a segunda causa de cancro de pulmón –entre un 10 e un 12 % dos casos- e a primeira en non fumadores. A súa concentración mídese en bequerelios por metro cúbico.

Este gas é un factor de risco do cancro broncopulmonar, pois en fogares con niveis elevados de radón existe máis do dobre de probabilidades de presentar cancro de pulmón. Polo tanto, está demostrada a transcendencia para a SAÚDE PÚBLICA do papel do radón domiciliario.

O Mapa de Radón en Galicia presenta as comarcas con alto risco de radón. O concello de Samos é unha zona de alto risco por presentar as maiores medidas da Comarca de exposición ao radón (o 66,7% das vivendas medidas teñen unha concentración de 300 bq/m³, e o 100% das vivendas medidas pasan de 200 bq/m³).





Esta situación pódese paliar con sinxelas medidas preventivas que diminúen esta concentración nos fogares e que a poboación debe coñecer: ventilación, practicar aberturas de aireación nos sotos...

A Organización Mundial da Saúde, OMS, tén en marcha un proxecto para instar aos gobernos a tomar políticas de redución do radón en edificios públicos e vivendas.

O Decreto 262/2007 de 20 de decembro onde se aproban as normas do hábitat galego, recolle que: "...terase especial consideración na eliminación da posible contaminación das vivendas por gas radón."

Os responsables do Laboratorio de Radon de Galicia inciden na importancia da prevención, e apuntan solucións que pasan pola implicación das Administracións Públicas estatais, autonómicas e locais.

Por estes motivos propoño ó Pleno os seguintes

ACORDOS

1. Realización dunha campaña informativa sobre os efectos do gas radón, incidencia e posibles efectos, que chegue a todos os fogares do concello, así como dar a coñecer as medidas preventivas.
2. Medición dos índices de gas radón que existen nos edificios públicos de ámbito municipal do Concello de Samos.
3. Promover a medición naqueles fogares que o desexen, con medidas por parte do concello que reduzan o seu custe, como poden ser acordos coa USC ou outras a considerar. "

Intervencións:

- SR. ALCALDE.- O Concello xa colaborou coa USC na medición do radón xa hai máis dun ano, e foi medido na Casa do Concello e nalgúns casas particulares, pero os resultados son confidenciais e por tanto só lle poden dicir que as medidas que aconsellan son ventilar máis as estancias. En todo caso a competencia sería da Consellería e tería que editar uns folletos para informar á xente e nós non teríamos ningún problema en envialos.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- É o que pedimos, que o Concello se implique mediante charlas para dar a coñecer aos veciños algo que por agora é descoñecido.

- SR. ALCALDE.- A ver se se vai a crear alarma agora polo gas radón...

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Non.

- SR. LÓPEZ, GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.- Estamos a favor de calquera iniciativa que teña o Concello para informar.

Rematadas as intervencións, procédese á votación, e por tres votos a favor dos Sres. concelleiros integrantes do Grupo mixto e Grupo municipal do Partido Popular, cinco votos en contra dos





Concello
de Samos

Pz. de España, s/n 27620 Samos (Lugo) Telf./Fax 982 546002 / 982 546122

Sres. concelleiros do Grupo municipal Socialista e ningunha abstención, sendo nove o número legal de membros, non se aproba a Moción anteriormente transcrita.

(Rematado este punto, o Sr. alcalde da paso aos asuntos urxentes, advertíndolle a secretaria municipal que obviou o punto 8º da orde do día, rectificando a Presidencia, e procedendo segundo a orde do día.)

8º.- MOCIÓN PRESENTADA CONXUNTAMENTE POLO GRUPO MIXTO -CxG- E POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, PROPOÑENDO QUE AS SESIÓNS PLENARIAS PASEN A CELEBRARSE AS 20:00 HORAS.

O Sr. alcalde dirixese aos voceiros dos Grupos municipais asinantes da Moción para preguntarlles cal deles quere ler a mesma, ao que o Sr. López, voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, resposta que él mesmo.

O Sr. concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Aurelio López López, da lectura á moción presentada con R.X.E. nº 2017/123 en data 30 de xaneiro para ser tratada polo Pleno Corporativo, a cal a continuación se transcribe:

“José Aurelio López López, na súa calidade de voceiro do Grupo Municipal Popular conxuntamente con José Antonio Real Vázquez na súa calidade de voceiro de Compromiso por Galicia, ó abeiro da lexislación vixente, presentan, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación municipal, a seguinte

MOCIÓN RELATIVA AO CAMBIO DE HORARIO DE CELEBRACIÓN DAS SESIÓNS PLENARIAS DO CONCELLO DE SAMOS

que se basea nesta

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As sesións ordinarias plenarias do Concello de Samos celébranse cunha periodicidade de dous meses e co seguinte horario: primeiro venres de cada mes correspondente ás 13:00 horas.

Pero hai que ter en conta, en primeiro lugar, que é necesario garantir que os vecinos e veciñas do concello de Samos teñan a posibilidade de asistir aos plenos da Corporación Municipal e así podan ser coñecedores e coñecedoras do debate político e dos acordos adotados que lles afectan directamente e, deste xeito, tamén garantir a total transparencia que é de obrigado cumprimento para as administracións públicas. Neste senso, o horario actual de celebración das sesións plenarias complica de maneira substancial que os vecinos e veciñas do noso concello podan asistir ás mesmas tale e como se pon de manifesto pleno tras pleno.

Por outra banda, o horario existente para a celebración das sesións plenarias do concello de Samos dificulta de maneira considerable a compatibilidade de asistencia ás mesmas por parte dos concelleiros e concelleiras que non teñen dedicación co horario dos seus respectivos postos de traballo.





Polo exposto, consideramos necesario que se cambie o horario de celebración das sesións plenarias así como o das comisións especiais de contas trasladándoos a unha hora máis apropiada para asistencia tando dos concelleiros como do público en xeral.

Por todo o anterior, os Grupo Municipais Popular e de Compromiso por Galicia elevan ao Pleno do Concello de Samos a presente **MOCIÓN RELATIVA AO CAMBIO DE HORARIO DE CELEBRACIÓN DS SESIÓNS PLENARIAS DO CONCELLO DE SAMOS** e propónse a aprobación dos seguintes

ACORDOS

Solicitamos ao pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos:

1.- Que as sesións plenarias do Concello de Samos pasen a celebrarse ás 20:00 horas.

O que se traslada ó Pleno da Corporación Municipal ós efectos indicados, en Samos , a 30 de xaneiro de 2017"

Rematada a lectura anterior toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que o Goberno está intentando adiantar a saída de traballo e vós parece que queredes atrasala. Este horario foi o aprobado na sesión organizativa. Non hai impedimento, é unha hora adecuada, polas tardes non hai xente no pobo, non iba a vir máis xente.

Da a réplica o Sr. López sinalando que a xente que traballa por conta allea polas mañás non pode vir, ás 20:00 horas tén rematada a xornada de traballo, e así poderían asistir.

O Sr. alcalde pregunta ao Sr. voceiro do Grupo mixto se quere intervir.

-Sr. Real, Grupo mixto (CxG-CCTT).- Lóxicamente estou dacordo coa moción, eu concretamente non podo asistir ás sesións da Comisión Especial de Contas por motivos de traballo, polo que sería interesante que facilitaran a participación.

- Sr. alcalde.- As empresas dan días de traballo para elo...

- Sr. Real, Grupo mixto (CxG-CCTT).- Sí, pero se estou na Coruña, non vou a vir a Samos e volver á Coruña, digo eu...

-Sr. alcalde.- Bueno, nós imos a rexeitala polos motivos expostos.

Tras este debate, se producen as votacións, co seguinte resultado:

Votos a favor: 3 (1 do Grupo mixto e 2 do Grupo municipal do Partido Popular)

Votos en contra: 5 (Grupo municipal socialista)

Abstencións: Ningunha

Sendo nove (9) o número legal de membros, polo que non se aproba a Moción anteriormente transcrita.





Concello
de Samos

Pz. de España, s/n 27620 Samos (Lugo) Telf./Fax 982 546002 / 982 546122

9º.- ASUNTOS URXENTES.

Para dar cumprimento ao sinalado no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde da paso aos asuntos urxentes, sen que se plantexe algún.

Neste punto o Sr. alcalde explica aos Sres. concelleiros asistentes que se o estiman conveniente se inclúe na orde do día da convocatoria como asunto urxente a adopción dos acordos que procedan en relación coa exclusión do concello de Samos na nova credencial do Camiño de Santiago segundo nota de prensa publicada pola Voz de Galicia o mércores 1 de febreiro de 2017, co fin de presentar canto antes a pertinente reclamación ante a Oficina do Peregrino para que rectifique. A urxencia queda xustificada no feito de remitir o acordo pertinente con carácter previo á impresión do documento. Algún Concello xa remitiu reclamación como o de Melide, e outros como o de Paradela, están a facelo tamén.

Se procede á súa votación, e por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes (oito votos a favor) sendo nove o número legal de membros, se acorda a súa inclusión na orde do día da convocatoria como asunto urxente.

ACORDOS QUE PROCEDAN EN RELACIÓN COA EXCLUSIÓN DO CONCELLO DE SAMOS NA NOVA CREDENCIAL DO CAMIÑO FRANCÉS.

Vista a nota de prensa emitida pola Voz de Galicia o mércores 1 de febreiro de 2017 (e hoxe volve a saír) na que se dí que o concello de Samos é un dos que non figura na nova credencial do Camiño de Santiago, pensouse en presentar a pertinente reclamación ante a Oficina do Peregrino para que rectifique ditas credenciais, xa que non é admisible que Samos, que é paso obrigado do peregrino e ademais posúe un mosteiro dos máis importantes de Galicia, quede sen nomear no mapa de dita credencial. Cremos que Samos ten sobradamente acreditada a súa importancia no Camiño Francés e polo tanto pensamos que é necesario solicitar encarecidamente a súa inclusión.

Sen que se produzan intervencións, e por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes (oito votos a favor), sendo nove o número legal de membros, o Pleno Corporativo **ACORDA** a remisión de escrito á Oficina do Peregrino para que adopte as medidas oportunas co fin de que Samos apareza nas novas credenciais do Camiño Francés.

10º.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. alcalde da por iniciada a quenda de **ROGOS**, dando a palabra ao Sr. concelleiro voceiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, para que proceda a dar lectura aos presentados no seu escrito con R.X.E. nº 2017/114 en data 30 de xaneiro, e que a continuación se transcriben:

“1.- Que se limpe mais a menudo o Centro Multiusos da Torre pois presenta un estado lamentable de abandono no salón de actos como nos servicios.”

- SR. ALCALDE.- Xa lle dín orde ao persoal para que o limpe.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Xa, ás veces non está limpio.





“2.- Que mentren non se arranxe totalmente a estrada de Pascais a Pontenova, se tapen as fochancas mais fondas porque está intransitable. “

- SR. ALCALDE.- Xa se enviou a Patrimonio. De todos modos os baches son pequenos.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Sí, pero mentres tanto podíase botar zahorra...

Non formulándose máis rogos, o Sr. alcalde inicia a quenda das PREGUNTAS, cedendo a palabra ao Sr. concelleiro voceiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, para que proceda a dar lectura á presentada en escrito con R.X.E. nº 2017/114 en data 30 de xaneiro, e que a continuación se transcribe:

“1.- En que situación se encontran os permisos solicitados á Confederación Hidrográfica e a Patrimonio para a execución da Área de Autocaravanas?”

- SR. ALCALDE.- Pois alégrome que me pregunte polo espazo das caravanas porque a resposta xa a temos desde o 9 de xuño, pero a vostede non se lle acordou máis...

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Sí que me acordei, hoxe.

- SR. ALCALDE.- Voulle ler cal foi a Resolución de Patrimonio para que o teña en conta.

(O Sr. alcalde da lectura á parte dispositiva da citada Resolución, a cal se transcribe):

“Autorizar as obras de acondicionamento de espazo para punto limpo e tratamento ecolóxico de residuos para autocaravanas situado no Campo da Festa da vila de Samos, de acordo co cumprimento das condicións expresadas no punto 4 dos antecedentes e consideracións técnicas desta resolución”.

E por remisión éstas:

“4. (...)

- *O espazo para punto limpo e tratamento ecolóxico de residuos para autocaravanas situado no Campo da Festa non será utilizado, en ningún caso, para estacionamento dos devanditos vehículos.*
- *De apareceren restos arqueolóxicos, comunicarase decontado á DXPC, que indicará as medidas que estime oportunas.”*

Continúa o Sr. alcalde dicindo que a Confederación Hidrográfica non puxo problema, autorizou con sometemento a determinadas condicións, pero Patrimonio xa o ven, non ten lóxica o que autorizou...

“2.- En que situación se encontran os permisos solicitados á confederación Hidrográfica e Patrimonio para a execución do Velatorio municipal?”

- SR. ALCALDE.- Nós o único que podemos facer é sacar a concurso os baixos, non imos a competir coas empresas privadas, así a empresa que faga a mellor oferta disporá del.

Toma a palabra o Sr. concelleiro voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular para dar lectura á pregunta presentada con R.X.E. nº 2017/124 en data 30 de xaneiro, a cal se transcribe:





"José Aurelio López López, na súa calidade de voceiro do Grupo Municipal Popular, ó abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación municipal, a seguinte pregunta:

1. Sabendo que os concelleiros teñen dereito a recibir copia das actas das xuntas de goberno nos 10 días seguintes a súa celebración.
¿Por qué se retrasa o envío das mesmas aos concelleiros da oposición en máis de medio ano mesmo tendo solicitado por escrito que lles sexan remitidas?"

Contesta o Sr. alcalde que se intenta mandalas o máis axiña posible pero a secretaria acumula moitas funcións: Secretaría, Intervención, e agora tamén tesourería, dándolle a palabra á Secretaría para que explique.

A secretaria municipal xustifícase no feito da excesiva carga de traballo que soporta polas funcións que ostenta, secretaria-intervención-tesourería, (fai unha enumeración breve e sucinta das mesmas) unido a que a súa asistencia como secretaria de órganos colexiados (pleno, xuntas de goberno, tribunais de selección de persoal) lle impiden durante o tempo que dure a súa celebración da que ten que dar fé e asesoramento, adiantar traballo. A todo elo se adiciona o tempo que leva a preparación e envío de toda a documentación periódica a remitir ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da oficina virtual de coordinación financeira coas entidades locais, cuxa confección esixe revisar os expedientes de gastos e ingresos, e dos cales o Pleno ten coñecemento xa que se da conta nas sesións seguintes á súa remisión, a saber: execucións trimestrais do Orzamento, Período Medio de Pago trimestral/Informe de morosidade anual, costes efectivos dos servizos públicos, liñas fundamentais de Orzamentos, Plans Orzamentarios, variación neta activos financeiros, expedientes de aprobación de Orzamentos, liquidación e Conta Xeral...Sinala que a adecuación dos sistemas de información aos requirimentos da Lei 39/2015 e 40/2015, de implantación da Administración electrónica supuxo que dende o verano pasado se adicara tempo á empresa que o levou a cabo, coa conseguinte maior lentitude no desenvolvemento do traballo.

O Sr. López sinala que o entenden, pero que igual llo podía asignar a outros funcionarios, xa que así se limita á oposición porque non teñen coñecemento da xestión municipal.

A secretaria municipal solicita novamente a palabra para facer constar que neste concello a Xunta de Goberno Local ten delegadas practicamente todas as competencias que a Lei permite, e o feito de celebrar sesións como mínimo cada quince días implica asistir e redatar un gran número de actas con moitos puntos na orde do día; a diferenza de outros concellos de menos de 5000 habitantes nos que as sole ostentar a Alcaldía-Presidencia, que resolve por Decreto, moito máis operativo, e nos que celebran poucas sesións de Xunta de Goberno Local. Conclúe sinalando que nas próximas semanas tratará de poñerse ao día.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. presidente dáse por rematado o acto, sendo as trece horas e corenta e cinco minutos do expresado día, levantándose a presente acta da que eu como secretaria DOU FE.

O presidente,

A secretaria,

